

P. CASTELAO, “Guieiro 194”: *Encrucillada. Revista galega de pensamento cristián*, nº 194 (setembro-outubro 2015) 3-4.
www.encrucillada.es

Gueiro 194

A figura de Xesús nunca deixa de ter actualidade. O impacto tremendo da secularización en canto abandono masivo da práctica explícita da relixión non afectou á capacidade de atracción e admiración que o xudeu de Nazaret segue a espertar en todas as capas da poboación. A uns fascínaos. A outros cuestiónaos. Con independencia da vivencia relixiosa que poida espertar ou non trátase dunha figura que a ninguén deixa indiferente.

Tense dito e escrito tanto nas últimas décadas sobre Xesús que cómpre facer un alto no camiño para discernir o trigo da palla. Rafael Aguirre ofrécenos un primeiro estudio titulado significativamente: *Que sabemos hoxe acerca de Xesús de Nazaret?* Co rigor do biblista especializado, con amplos coñecementos de historia antiga, linguas e arqueoloxía e, ao mesmo tempo, cunha enorme facilidade para a divulgación, temos neste traballo un excelente instrumento para achegarnos aos froitos de varias xeracións de estudiosos sobre a figura histórica de Xesús. Froitos contrastados, amplamente probados e converxentes cos estudos serios feitos ao longo de décadas.

Quen isto firma reflexiona sobre a afirmación eclesial da divindade dese mesmo Xesús histórico de quen os escritores do Novo Testamento proclamaron á súa resurrección e exaltación. ¿Houbo nesa primeira proclamación e, sobre todo, na posterior prolongación dogmática dos concilios unha adulteración da figura de Xesús ou unha ilexítima mitificación que o elevou sobrenaturalmente ata convertelo nun ser divino? ¿Debería a fe da Igrexa actual prescindir completamente de categorías coma preexistencia ou consustancialidade para non helenizar a mensaxe primixenia dun Xesús que só predicou o Reino de Deus? Xa adianto que respondo negativamente a ambas as dúas cuestións,

pero remito ao artigo a quen estea interesado nas razóns de tal negativa.

Andrés Torres Queiruga ofrécenos un artigo centrado no Deus de Xesús. Desde unha comprensión actualizada da revelación de Deus na historia —superando fundamentalismos bíblicos e concepcións supranaturalistas— propón enxergar a revelación de Deus en Cristo como a culminación dun proceso que, por iniciativa de Deus, é universal e está centrado na acción salvadora dun Deus que nos crea por amor e só por amor. A orixinalidade de Xesús e o carácter definitivo do que nel se manifesta non se atopan nun suposto illamento de Xesús respecto de toda a historia da revelación ou nunha sobrenatural singularidade, senón no carácter non superable nin falsable do que nel aparece.

Ana Unzurrunzaga completa este achegamento á figura de Xesús cun traballo máis breve no que se refire e afonda na experiencia de recordo das mulleres tan activas nas primeiras comunidades cristiás en canto que depositarias privilexiadas do primeiro anuncio da resurrección.

Xosé Manuel Caamaño achéganos as liñas fundamentais da nova encíclica de Francisco, *Laudato si'*. Documento dedicado ao coidado da casa común que propón unha nova ecoloxía integral como resposta aos desafíos provocados pola depredación dos recursos do planeta por unha economía e un estilo de vida que pode levar á ruína de toda a creación.

Unha reflexión de Engracia Vidal sobre a última misa celebrada na Igrexa de San Domingos de Bonaval en lembranza de Rosalía de Castro, así coma unha crónica de Lucía Santiago Díaz sobre a última Romaxe completan un número que, xunto coas tradicionais roldas de política, cultura e Igrexa, agardamos que sexa do agrado de todos vos.

Pedro Castelao